

RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 17 DE XUÑO DE 2004

O día 17 de xuño de 2004, ás 10.20 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión extraordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

O Sr. Reitor manifesta o pesar da comunidade universitaria polo falecemento de D. Xosé Fernández Fernández e dá inicio á orde do día. O Sr. García-Pita y Lastres e o Sr. Pérez Valcarce propoñen un minuto de silencio, que se garda. Ante un comentario do Sr. Portela un grupo de claustrais abandona o Claustro.

1.- PRESENTACIÓN DA MEMORIA ANUAL DO VALEDOR UNIVERSITARIO

O Sr. Reitor dá a palabra ao Valedor Universitario, cuxa memoria anual figura no **ANEXO II** deste resumo.

O Sr. Reitor agradece as recomendacións e suxestións. Aberta a quenda de intervencións non se produce ningunha.

2.- PRESENTACIÓN DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ANO 2004

O Sr. Reitor dá a palabra ao Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen expón as liñas xerais do orzamento da UDC para o ano 2004, que figuran no **ANEXO III**.

Aberta a quenda de intervencións interveñen D. Xosé Portela, quen informa dunha manifestación en Santiago de Compostela para que aumente o financiamento da Xunta de Galicia ás universidades, D. Rafael García, quen manifesta a súa preocupación pola débeda, D. José Antonio Portero Molina, quen pide aclaracións sobre quen é o responsable da débeda de 7 millóns de euros que ten a UDC, a Vicerreitora de Investigación, sobre o cofinanciamento do FEDER, D^a. María Jesús Grela sobre o reparto do orzamento do Consello Social, a todo o cal contesta o Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 13.00 horas do día 17 de xuño de 2004.